



**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión 18 de data 24/09/2015
- 2 Dar conta de expedientes de modificación de crédito
- 3 Dar conta da execución do orzamento municipal e do movemento da Tesourería municipal correspondente ao terceiro trimestre do ano 2015
- 4 Solicitud de fraccionamento do prazo de reintegro do saldo debedor da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do exercicio 2013
- 5 Aprobación inicial da modificación de créditos MC 54-15 tc 23-15
- 6 Solicitud de prórroga da concesión dos terreos de A Marisma
- 7 Reclamación administrativa previa á vía civil en relación á cesión da antiga escola de Trasmañó á Comunidade de Montes
- 8 Actividades de control do pleno:
 - 8.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 19/08/15 ao 16/10/15
 - 8.2 Solicitudes de comparecencia
 - 8.3 Mocións
 - 8.3.1 Moción do grupo municipal AER sobre a asistencia da corporación en representación oficial aos actos relixiosos
 - 8.3.2 Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE sobre a pesca do cerco
 - 8.3.3 Moción do grupo municipal do BNG en apoio a Maite Mourinho
 - 8.3.4 Moción do grupo municipal AER sobre o horario dos/as concelleiros/as
 - 8.3.5 Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre parques caninos
 - 8.3.6 Moción do grupo municipal do bng sobre mobilidade na zona sur da provincia
 - 8.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 26/10/2015, e sendo as vinte horas do día 29 de outubro de 2015, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago e Xoán Carlos González Campo.

Escusa a súa asistencia a concelleira Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria eu, a secretaria xeral da corporación.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero, no que a concelleira PARÍS BLANCO sulina as mortes por violencia de xénero en Pontesampaio e de hoxe mesmo en Vigo.

O alcalde fai un receso na sesión entre as 21,55 e as 22,15.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN 18 DE 24/09/2015

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter ordinario número 18 de data 24/09/2015.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG)

2. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

Dáse conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

1. Número MC 45/2015 tc 18/15 mediante transferencia de crédito por importe de 2.720,19 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 18/09/2015.
2. Número MC 46/2015 gc 19/15 mediante xeración de crédito por importe de 70.257,74 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 18/09/2015.
3. Número MC 47/2015 tc 19/15 mediante transferencia de crédito por importe de 8.912,16 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 23/09/2015.
4. Número MC 48/2015 tc 20/15 mediante transferencia de crédito por importe de 1.267,20 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 25/09/2015.
5. Número MC 49/2015 ac 04/15 mediante ampliación de crédito por importe de 20.000,00 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 28/09/2015
6. Número MC 50/2015 gc 20/15 mediante xeración de crédito por importe de 189.989,39 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 30/09/2015.

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionado.

3. DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO MOVEMENTO DA TESOURERÍA

Visto o informe do interventor municipal con referencia. ASR-21.10.15.3 de data 21 de outubro de 2015 en relación coa execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondentes ao 3º trimestre do ano 2015, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Concello pleno queda informado.



CONCELLO DE REDONDELA

4. SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO DO PRAZO DE REINTEGRO DO SALDO DEBEDOR DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DO ESTADO DO EXERCICIO 2013

ANTECEDENTES

Ditame de Comisión Informativa de Economía e Facenda da súa sesión de data 23/10/2015 que di:

“Considerando a posibilidade de fraccionar o prazo de reintegro do saldo debedor da liquidación definitiva da Participación en Tributos do Estado do exercicio 2013, mediante Providencia de Alcaldía de data 21 de outubro se incoouse expediente para valorar as diferentes melloras que se presentan.

Visto o Informe de Intervención con referencia ASR-21.10.15.1 de data 21 de outubro de 2015.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a proposta desta presidencia de data 21 de outubro, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Solicitar o fraccionamento do prazo de reintegro do saldo debedor da liquidación definitiva da Participación en Tributos do Estado do exercicio 2013 do Concello de Redondela.

SEGUNDO. Que a Intervención remita a solicitude de fraccionamento do prazo de reintegro ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da oficina virtual para a coordinación financeira.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que na comisión votaron en contra porque consideran que o goberno do Estado está premendo aos concellos e sempre se está a falar do equilibrio orzamentario pero estiman que non procede que os 364.000 € se devolvan do xeito que se pretende en 120 mensualidades.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian a proposta.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a liquidación pódese facer e consideran que o Concello ten recursos dabondo para afrontar os pagos necesarios no ano 2016.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que este ano remataron de facer o reintegro da liquidación do ano 2008 e están pendentes de comenzar a do 2009. Considera que se teñen a posibilidade de fraccionalo sen custe para o Concello lles parece máis axeitado. Pregúntase por qué cando gobernaban PSOE e BNG non pensaban igual dado que esta é unha boa alternativa para que o Concello dispoña de máis liquidez.

A petición do alcalde, o Interventor sinala que aplicando a regra do 25% cada trimestre se acabará antes, probablemente en tres trimestres.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o que sinala o interventor é o mesmo que él plantexa porque están a falar dun ano ou pouco máis de un ano. Sinala que cando se fala de xestionar non se poñen a tremer porque cando falan de números saen perdendo os veciños.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que tratan de acadar a débeda cero o antes posible. Non ven a necesidade de ir a 10 anos se Redondela pode pagala en ano e medio.



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira AMOEDO DASILVA di que falla o sentido da responsabilidade xa que se existe a posibilidade de ter máis liquidez e pagar en tempo aos provedores sen ningún custe, non entende que se preocupen de pagar ao Estado canto antes. Indica que agora vaise pagar a liquidación do 2009, cando gobernaba o bipartito.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, resulta aprobada por maioría dos/as concelleiros/as, sendo trece votos a favor (9 do PP e 4 e AER) e sete votos en contra (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 54-15 TC 23-15

ANTECEDENTES

Ditame de Comisión Informativa de Economía e Facenda da súa sesión de data 23/10/2015 que di:

“Considerando que coma consecuencia da prórroga orzamentaria, vese a necesidade de facer unha modificación orzamentaria para poder dotar do crédito ás aplicacións orzamentarias incluídas dentro da bolsa de vinculación xurídica 3-2, coa finalidade de poder atender os compromisos que poidan xurdir ata o peche do exercicio económico.

Visto o Informe de Intervención con referencia ASR-21.10.15.2 de data 21 de outubro de 2015 e coa mesma data a certificación de existencia de crédito 21.10.15.2.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a proposta desta presidencia de data 21 de outubro, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 54-15 tc 23-15 por un importe total de 48.000 € supoñendo que:

Aplicación de gasto cuxo crédito se minora

1621A/22700 “Recollida, eliminación, tratamento de residuos / Traballos realizados por outras empresas” por importe de 48.000,00 €.

Aplicacións de gastos cuxo crédito se incrementa

3261A/22799 “Conservatorio / Traballos realizados por outras empresas” por importe de 9.000,00 €.

3331A/22100 “Aula de interpretación de Rande / Enerxía eléctrica museo” por importe de 8.000,00 €.

3341A/20300 “Promoción cultural/Aluguer de maquinaria” por importe de 10.000,00 €.

3341A/20800 “Promoción cultural / Arrendamento doutro inmovilizado material” por importe de 13.000,00 €.

3341A/22602 “Promoción cultural/Gastos publicidade e propaganda” por importe de 8.000,00 €.

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.



CONCELLO DE REDONDELA

TERCEIRO.- A modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos.

CUARTO.- Facultar ao alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

INTERVENCIONES

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que ao falar da conta de 2014 o BNG dixo que había un exceso de transferencias dunhas partidas a outras que se cambian en función dos intereses do PP. Son críticos con esta posibilidade e a cuestionan pero neste caso van votar a favor.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que están de acordo en que se fan demasiadas modificacións e pregunta cal é o motivo. Van votar en contra.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que van aprobar a modificación por responsabilidade e parécelle que é unha falta de previsión do goberno que non se pode atribuír á prórroga dos orzamentos. Manifestábase sorprendido polos gastos aos que va adicada a modificación: publicidade, enerxía eléctrica do Meirande...etc.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que por ter os orzamentos prorrogados teñen que aprobar máis modificacións e pon como exemplo os convenios aprobados para dar axudas a determinados colectivos que, en caso contrario, non se outorgarían. Di que a modificación de crédito é un procedemento legal que non inventou o PP de Redondela porque teñen que facer fronte a gastos e ter dotadas as partidas correspondentes.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é ilustrativo que a voceira do PP expoña o porqué destas modificacións. Lembra que a anterior concelleira de Facenda deu un discurso *tremendista* cando no seu intre non se aprobaron os orzamentos e dicía que non se podía facer nada. Indica que agora queda claro que non era así e sinala que as partidas de servizos sociais non se esgotan.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que cando se presentaron a aprobación os orzamentos pretendían rebaixar as partidas de festas e *saraos* namentras que agora van por riba do orzamentado o que non lles parece lóxico. Indica algunhas partidas concretas que así o evidencian. Non están de acordo.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que as modificacións de crédito son constantes e repetitivas, por exemplo no caso das horas extras.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non hai grandes desaxustes e tratan de optimizar os recursos, pero ao non ter previsto o orzamento para o convenio de títeres ou do Millo Verde, por exemplo, teñen que facer a modificación correspondente.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, resulta aprobada por maioría dos/as concelleiros/as, sendo dezaseis votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG) e catro votos en contra (4 e AER).



6. SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA CONCESIÓN DOS TERREOS DE A MARISMA

ANTECEDENTES

“Ditame da Comisión Informativa de Interior da súa xuntanza do día 22/10/2015 que di: Ao abeiro do previsto no apartado 5 do artigo 4 da Lei 22/1988 de 28 de xuño, de Costas, este Concello solicitou en data 04.08.2008 a desafectación da superficie duns 164.780 m², correspondente aos terreos da antiga marisma de Santa Mariña, no termino municipal de Redondela.

O 22.01.2010 resolveuse pola Dirección Xeral de Sostenibilidade da costa e do mar do Ministerio de medio ambiente, e medio rural e mariño declarar a innecesariedade dos devanditos predios coa solicitude ao Ministerio de economía e facenda de proceder á súa desafectación.

Como queira que ata a data non existe constancia de que se realizara dita desafectación, o Concello de Redondela segue a realizar na zona, coas conseguintes autorizacións, obras relacionadas cos usos e servizos de carácter dotacional público nela asentados e con vocación obvia de continuidade, tendo en conta que é un area ocupada practicamente na súa totalidade polos mesmos. Nembargantes e tendo en conta que o título xurídico que habilita á administración municipal a realizar ditas actuacións é a concesión administrativa outorgada por resolución do entón ministerio de obras públicas o 17.02.1969 (BOE do 02.05.1969) previa un prazo de vixencia de 50 anos, que foi obxecto de varias modificacións e que remata no ano 2019, resulta complicado para o Concello achegar recursos para a mellora dos equipamentos existentes ou a execución doutros de interese público cun horizonte temporal tan limitado.

É por iso que ao obxecto de poder programar no tempo as devanditas actuacións mentres se resolve a desafectación interesada coa conseguinte cesión dos predios desafectados para o seu uso ou servizo público cómpre solicitar unha prórroga da concesión que aporte cobertura patrimonial a calquera actuación que se pretenda levar a cabo na zona.

Visto o artigo 172 do real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RXC) que di que as concesións para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre existentes, que sexan outorgadas antes da entrada en vigor da Lei 2/2013, de 29 de maio poderán ser prorrogadas, a instancia do seu titular, de acordo co disposto no presente artigo e dita prórroga, consonte co previsto no artigo 174.2 e) da mesma norma, pode acadar os 50 anos.

Visto tamén o artigo 176 do RXC teño a ben propor ao pleno do Concello , previo ditame da comisión informativa correspondente:

Primeiro: Solicitar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, a prórroga da concesión outorgada por resolución do entón ministerio de Obras Públicas o 17.02.1969 (BOE do 02.05.1969), coas modificacións experimentadas pola mesma ao longo da súa vixencia ata o prazo máximo previsto no artigo 174,2 e) do RXC.

Segundo: Declarar aos efectos anteriores que as instalacións, obras ou modificacións realizadas durante a vixencia do título concesional se axustan ao previsto no seu obxecto, condicións e previsións, posto que todas elas foron puntualmente autorizadas pola administración do Estado como titular da concesión.



CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro: Facultar ao alcalde para a realización de cantas actuacións sexan necesarias para levar a bo fin o presente acordo.

Pola Presidencia sométese a votación a proposta.

Votación e ditame.- A Comisión Informativa de Interior en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P (43%), e a abstención do Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (28%) e A.E.R (19%), ditaminou favorablemente a Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.-”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se pretende prorrogar a concesión e isto afecta ás vivendas escolares que están en mal estado e podería ser un espazo aproveitabile. Apoian a proposta.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que están de acordo pero debe acadarse a desafectación.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que están de acordo e coida que debe solicitarse novamente o patio cuberto para o colexio.

O alcalde sinala que a intención é que a desafectación avance e poidan incorporarse á concesión máis terreos.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación o asunto anteriormente transcrito, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG)

7. RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA CIVIL EN RELACIÓN Á CESIÓN DA ANTIGA ESCOLA DE TRASMAÑÓ Á COMUNIDADE DE MONTES

O asunto é retirado por acordo unánime dos grupos políticos.

8. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

8.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DO 19 DE SETEMBRO DE 2015 AO 16 DE OUTUBRO DE 2015

Dáse conta das resolucións ditadas polo alcalde nas datas comprendidas entre o 19/09/2015 ata o día 16/10/2015.

O Concello Pleno queda informado.



CONCELLO DE REDONDELA

8.2 MOCIÓNS

8.2.1.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE A ASISTENCIA DA CORPORACIÓN EN REPRESENTACIÓN OFICIAL AOS ACTOS RELIXIOSOS

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal AER con data de entrada de 25/09/2015 e número 2015014113 que di:

“O artigo 16.3 da Constitución establece que ‘ningunha confesión terá carácter estatal’, cuestión que pensamos hai que ter presente na tradición relixiosa asociada en maior ou menor medida a moitas festas locais e patronais de Redondela.

Lexitimamente dentro do programa de moitas festas inclúese habitualmente algún tipo de cerimonia relixiosa. Outra cousa ben diferente é o rango que se lle dea en dito acto relixioso ao papel que nel deban xogar os cargos públicos, representantes dunha administración que debe actuar con imparcialidade, aconfesionalidade e sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

Non se trata de impedir que os concelleiros que profesen algunha relixión vaian, en virtude ás súas crenzas, a esa cerimonia, senón de que a "Corporación Municipal", como tal, teña presenza nun rito relixioso, e que ademais deba xogar un papel determinado ou acudir con distincións e honras corporativas.

Respectamos que a xente viva as festas con devoción relixiosa, pero consideramos inapropiado que, nun estado aconfesional, se sigan a mesturar as institucións políticas e relixiosas. Non pode obviarse que o ben xurídico que protexen a Constitución e a "Lei Orgánica de Liberdade Relixiosa" teñen unha vertente positiva (o cidadán terá as crenzas e ideas que estime máis adecuadas sen sufrir presión ou represalia algunha) e unha negativa (non se lle pode impoñer ao cidadán ningunha relixión). Isto implica non obrigar aos que non comparten esas mesmas crenzas a ter que soportar as manifestacións das anteriores de forma permanente nos espazos públicos.

A necesaria “cooperación coa Igrexa Católica y demais confesións”(art. 16.3 CE) non ten nada que ver coa participación dunha Corporación Municipal nun acto relixioso.

Unha cousa é que as administracións respecten as diferentes crenzas dos seus cidadáns e incluso faciliten a súa práctica relixiosa, e outra ben diferente que os representantes do conxunto dos cidadáns (crentes de diferentes confesións, agnósticos e ateos) acaben formando parte dun rito relixioso sen eles desexalo.

É cada vez máis habitual que, coa chegada de diferentes festas no noso concello, os diferentes responsables dos edificios de culto de Redondela coloquen altofalantes cos que poder retransmitir os seus actos relixiosos a todos os veciños e veciñas dos arredores, queiran estes escoitalos ou non. Cremos que con estas actitudes estanse a incumprir algúns dos artigos da Lei Orgánica 7/1980, de 5 de xullo, de Liberdade Relixiosa:

Lei Orgánica 7/1980, de 5 de xullo, de Liberdade Relixiosa.

Artigo Segundo.

Un. A Liberdade Relixiosa e de culto garantida pola Constitución comprende, coa conseguinte inmunidade de coacción, o dereito de toda persoa a:



CONCELLO DE REDONDELA

2b. Practicar os actos de culto e recibir asistencia relixiosa da súa propia confesión; conmemorar as súas festividades; celebrar os seus ritos matrimoniais; recibir sepultura digna, sen discriminación por motivos relixiosos, "e non ser obrigado a practicar actos de culto ou a recibir asistencia relixiosa contraria as súas conviccións persoais".

Artigo Terceiro.

Un. O exercicio dos dereitos derivados da Liberdade Relixiosa e de Culto ten como único límite, "a protección do dereito dos demais ao exercicio das súas liberdades públicas e dereitos fundamentais", así como a salvagarda da seguridade, da saúde e da moralidade pública, elementos constitutivos da orde pública protexido pola Lei no ámbito dunha sociedade democrática.

A AGRUPACION ELECTORES DE REDONDELA defende a aconfesionalidade do Estado e das súas institucións que recolle a Constitución española, tamén en Redondela.

Por iso AER pide a non participación da Corporación de xeito oficial en manifestacións de tipo relixioso.

AER manifesta que ningún dos seus cargos públicos participará en actos relixiosos de xeito oficial. Obviamente, quen desexe acudir a celebracións das súas confesións relixiosas poderá facelo, pero sempre a título individual. Por iso, pedimos ao alcalde e ao resto de concelleiros da corporación que se deciden participar en actos de carácter relixioso, como procesións, misas maiores, ofrendas florais, etc, o fagan a título persoal, e sen ningún signo externo nin protocolario de representación pública do Concello de Redondela.

Asemade, AER cree que os corpos e forzas de seguridade do Estado non deberían acudir a actos relixiosos en representación da autoridade pública.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes **acordos**:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Redondela acorda a NON participación da Corporación en manifestacións de tipo relixioso. Igualmente acorda que os actos oficiais organizados polo Concello non terán manifestacións de tipo relixioso.

Só en casos excepcionais, e previo acordo da xunta de voceiros, poderá haber representación do Concello en actos relixiosos (defunción dalgunha persoa ilustre, incidentes con vítimas no concello, vítimas da violencia de xénero)

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Redondela acorda delegar no concelleiro competente a relación cos representantes da Igrexa no concello de Redondela. O resto de Concelleiros, cando participen en cerimonia de tipo relixioso, farano a título individual e en ningún caso na súa condición de autoridade ou representante político.

TERCEIRO: Cando algunha confesión relixiosa que conte con espazos propios en Redondela, inste a colaboración do Concello para un evento relixioso, a participación municipal será garantir a seguridade e limpeza que require habitualmente calquera mobilización ou acontecemento cidadán.

CUARTO: O Concello, para garantir "a protección do dereito dos demais ao exercicio das súas liberdades públicas e dereitos fundamentais, e non ser obrigado a practicar actos de culto ou a recibir asistencia relixiosa contraria as súas conviccións persoais", non permitirá a difusión, mediante megafonía, de ningún tipo de evento ou cerimonia



relixiosa, salvo en casos puntuais (festas patronais ou eventos nos que se sobrepare o aforo dos espazos dedicados ao culto), e sempre respectando os niveis sonoros legalmente estipulados.

INTERVENCÍONS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG, como organización de esquerdas nacionalista, consideran que a administración debe respectar as crenzas e non mesturarse con ningún acto de tipo relixioso, tal e como sempre fixeron xa que non estiman de recibo participar en cousas nas que non creen. Teñen algunha dúbida sobre a proposta, por exemplo cando morra algún persoeiro ilustre e qué o que se quere delegar no concelleiro competente, que non o entenden ben. Apoian a moción.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que comparten en gran medida a moción pero teñen tamén dúbidas con respecto ao punto 2 sobre quen vai ser o concelleiro competente e qué competencias vai desenvolver. Consideran que hai certa contradición co resto da moción e deberíase suprimir este punto ou votar a moción por puntos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a moción para eles non ten nin pés nin cabeza porque o que queira ir que vaia e que non queira non ten por qué ir. Os veciños poden invitar aos membros da corporación a asistir aos seus eventos como representantes do pobo e non se obriga a ninguén xa que é un exercicio de liberdade. Non apoian a moción e refírese á legalidade por un informe emitido no seu intre pola secretaria xa que o alcalde ostenta a representación do Concello e a exerce como considera pertinente.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que a Constitución está aí. Están de acordo en retirar o punto 2. Di que en casos excepcionais deixan a porta aberta para que non teña que vir ao pleno.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP ten unha determinada ideoloxía e deben defendela e non involucrar aos técnicos municipais para escudarse. Sinala que cando non gobernaban non ían a moitos eventos aos que agora si que van. Estima que a corporación non representa aos veciños en actos relixiosos e por iso están de acordo coa moción.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que van votar a favor.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o pleno ten unhas competencias e o alcalde outras. Non entende que queiran prohibir a asistencia a ese tipo de actos, que normalmente son festas tradicionais, cando na última procesión do Corpus si que estivo algún concelleiro do PSOE. Insiste en que se van o fan en representación do Concello.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que non pretenden prohibir nada senón que non se vaia a festa como corporación. Consideran que debe facerse así.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo once votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e nove votos en contra (9 do PP), retirándose o punto segundo da proposta.



8.2.2.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE A PESCA DO CERCO

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE o día 24/10/2015 con número de rexistro de entrada 2015015400 que se transcribe a continuación:

“O conflito da pesca do cerco e mais das artes menores no litoral galego non ven porque non haxa peixe; o certo deste problema é que aos galegos impídeselles pescar certas especies e mentres outras frotas si poden capturalas. Definitivamente, convértese nun problema político que precisa de solucións políticas.

Nos últimos meses, debido ao “inxusto reparto” dos topes ou cotas, a frota da Ría de Vigo (da que mais de vinte barcos están adicados a arte do cerco) pertencen a armadores de Redondela e por extensión, á frota galega (que ten 154 barcos de cerco) están a ver que van á quebra, ata o desesperante punto de amarrar as embarcacións e entregar os roles na Capitanía Marítima en sinal de protesta polo que está a acontecer tanto no mar como en terra pola falta de interese e apoio das institucións por resolver as demandas que tanto armadores como mariñeiros demandan.

“Os mariñeiros teñen que escapar do peixe” son palabras da xente do mar.

A Xunta de Galicia renuncia defender a un sector que está a ser maltratado na nosa comunidade, cun modelo de reparto que non serve e obriga aos mariñeiros a mirar pasar o peixe (caballa, bocarte e ata o mesmo xurelo) sen poder capturalo na xusta medida.

Se non se toman medidas, estas empresas que alimentan directamente a unha media de nove familias por embarcación, veranse condenadas a desaparecer e desfacer os barcos. Tamén debemos ter en conta que a pesca de baixura move moitos postos de traballo indirectos que completan o sistema produtivo e comercial.

O Consello de Ministros de Pesca en Europa ten establecido uns “topes autorizados de captura” (TAC) que fan imposible entender que estean baseados en criterios xustos e que de forma moi clara discriminan á frota pesqueira galega; desgraciadamente, co “visto e prace” do Goberno español e mais do enmudecemento da Xunta de Galicia.

Estas leis, lonxe de ser xustas e de estar adaptadas á realidade da pesca tradicional galega mais ben parecen querer favorecer intereses doutros estados.

No reparto que establece a Unión Europea do TAC das especies estratéxicas e vitais para a frota do cerco e artes menores (xarda, xurelo, bocarte...) para facer sostibles a estas empresas cómpre trocar este modelo discriminatorio por outro mais acorde coa realidade galega que lle permita ás embarcacións ter dereito a un total de capturas científicamente establecidas e poder pescalo cando e onde o consideren sen ter que desprazarse nalgún caso ata o País Vasco, no que os criterios sexan obxectivos, isto é: debe existir un reparto lineal proporcional ao número de embarcacións onde prime o número de tripulantes e sen que as capturas históricas tivesen un maior peso no reparto.

En Galicia, dende hai anos, víñase regulando a pesca mediante topes, non así noutras comunidades costeiras onde houbo exceso de capturas que fixeron que chegaran sancións impostas pola UE a España.



CONCELLO DE REDONDELA

Ademais, no caso da xarda, debido a que é un peixe migratorio, o reparto facíase de forma global cando chegaba as nosas augas procedente do Cantábrico, as cotas xa estaban case esgotadas e xa non se podía pescar mais.

Polo tanto, no reparto en función das últimas capturas históricas non se prima a quen tivo regulada a súa actividade nin a quen pescou menos nin a quen non se excede das capturas, prímase a quen non tivo regulada e sobre todo recoñéceselle como captura histórica a quen pescou de mais, saíndo mais dunha vez claramente beneficiados.

Así e todo, o noso Goberno galego, coa conselleiro do sector ao fronte, sen ser capaz de achegar solucións e mailo débil Goberno do Estado español que outorga canto lle indican en Europa sen achegar criterios razoables, fai que neste data a frota galega siga amarrada.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

Primeiro: Manifestar o apoio desde Concello de Redondela á frota do cerco e artesanal que reclama un reparto xusto das cotas de capturas das distintas especies a través do establecemento dun sistema de reparto lineal por tripulante para todas as especies sometidas a TAC

Segundo: Esixir o cambio da política de pesca da UE que leva á discriminación da flota pesqueira galega con respecto a outras comunidades

Terceiro: Reprobar a actitude da conselleira do Mar por non defender adecuadamente os intereses do sector

Cuarto: Instar á Consellería do Mar á defensa dos intereses da frota galega.

Quinto: Trasladar este acordo de apoio á frota galega de baixura, ao presidente da Xunta de Galicia, ao presidente do Goberno español e ás deputadas e deputados do Parlamento europeo.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción ten que ver novamente coa problemática que afecta a familias do Concello. Estima que o país ten alicerces no agro, na industria e no mar. Sinala que dende que se entrou na Unión Europea se están a desmantelar os sectores produtivos e de ensinar a pescar a todo o mundo se pasou a unha actividade subsidiada. Estima que a conselleira si ten solución: adicar 25 millóns de euros ao *desguace* para que eses barcos desaparezan a pesar de que os mariñeiros só queren pescar. Indica que por iso o único recurso que lles queda é a mobilización. Di que o problema das cotas xa xurdiu no ano 2012 e que no País Vasco teñen un terzo dos barcos pero máis da metade da cota, porque os gobernos loitan por eles. Considera que o goberno galego é submisivo ás ordes que veñen de Madrid e Bruxelas. Apoian a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo coa moción e considera que o goberno é cobarde e pide que o alcalde faga presión diante da Xunta e do Goberno do Estado.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o PP apoia as demandas dos mariñeiros e patróns da flota do cerco porque ten moita incidencia en Redondela. Solicitaron que se engadira un punto concreto relativo ao establecemento dun sistema de reparto lineal por



CONCELLO DE REDONDELA

tripulante e sinala que non é de recibo que se empeñen en no dicir a verdade xa que o se pide é que se cambie a forma de repartir a cota e non salpicar a todos e buscar unha confrontación que non serve para nada. Di que o importante é acadar un acordo unánime nese sentido pero non están de acordo en reprobar á conselleira porque non lles parece xusto.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que son moi sensibles con este tema porque afecta moito a Redondela e probablemente teñan que despedir a 1.000 persoas en Galicia pola mala xestión do reparto por parte entre outros da conselleira. Di que os que están a acampar en San Caetano son os mesmos que tempo atrás foron heroes recollendo o chapapote. Critica a labor da conselleira que cualifica de lamentable e pide un acordo unánime da corporación.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é un sector produtivo moi importante que pode ter futuro. Critica a política do PP que vende que se hai gobernos *monocolores* nos distintos estratos da administración vai ser mellor, pero logo son submisos. Indica que o problema é quen vai a defender eses acordos, xa que non considera doado que o faga a conselleira ou Feijoo que ata o de agora miraron para outro lado. Indica que o Estado español prioriza outros sectores produtivos que non son os galegos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que consideran que se o tema rebentou será porque o goberno non fixo ben as cousas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non se pode por en dúbida que o grupo popular de Redondela apoia ao sector do cerco. Considera doado que se acade un acordo unánime e pregunta como defenderon Mouriño ou Quintana os sectores produtivos de Galicia cando gobernaban. Di que o fundamental é cambiar os criterios para o reparto das cotas.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que as melloras as fixeron os propios patróns e os mariñeiros e que é un conflito político. Non retiran o punto 3.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG)

Explicación do voto: O PP non está de acordo coa reprobación da conselleira.

8.2.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO A MAITE MOURIÑO

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal do BNG rexistrada o día 09/10/2015 con número 2015014759 que di:

“O sistema vixente de representación política fundaméntase na liberdade do pobo para poder elixir libremente os e as súas representantes, do mesmo xeito que deben ter a liberdade e o respecto democrático de toda a sociedade para poderen participar desa



elección desde as ideas e principios que defenden. Así, é intolerábel que se persiga ideoloxicamente a unha persoa polo feito de participar nunha candidatura e, incluso, poida chegarse ao extremo de despedila do seu posto de traballo.

Acontecementos deste tipo seguen a ser, lamentabelmente, unha realidade no noso país. Recentemente, nas pasadas eleccións municipais, a galega Maite Mouriño Ricón, presentouse como número tres da candidatura do BNG polo concello de Pazos de Borbén. Isto motivou o despedimento por parte da empresa ESYCSA (Equipos de Señalización y Control S.A.), empresa que ten, ou tivo, concesións adxudicadas no noso concello. Este despedimento constitúe un claro caso de discriminación e represión política, chegando ao extremo de someter a esta persoa a un proceso inxustificábel de espionaxe e seguimento durante a campaña electoral.

Dáse a circunstancia de que esta empresa accedeu a unha concesión de servizos neste concello, polo que cómpre tamén actuar desde esta corporación municipal en defensa dos dereitos máis básicos dos seus traballadores e traballadoras. Entre eles, os dereitos inalienábeis a seren respectad@s pola súa ideoloxía e a participaren libremente na actividade política.

Estas actuacións son moi graves desde unha perspectiva democrática, e non poden ficar impunes.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

1. Rexeitar o comportamento antidemocrático da empresa ESYCSA, instándolle a que proceda á inmediata readmisión de Maite Mouriño Ricón.
2. Expresar publicamente o apoio e solidariedade do Pleno da Corporación con Maite Mouriño Ricón, así como con todas aquelas persoas que sofren calquera tipo de medida coercitiva ou represiva por exercer os seus dereitos democráticos fundamentais, como é o dereito a presentarse nunha candidatura electoral de calquera formación política independentemente da súa cor ideolóxica.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo coa moción pero consideran que o pleno do Concello non é o lugar axeitado para tratar este tipo de cuestións, xa que tamén lles faltan datos. Absteríanse do primeiro punto aínda que si apoian o segundo. Supoñen que o asunto estará no eido xudicial.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo coa exposición de motivos e pregunta se o tema está ou non xudicializado porque estima que o pleno non debe pronunciarse sobre isto, aínda que comparten o punto 2.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que cando o voceiro do BNG o plantexa é que xa hai unha sentenza en firme na que queda demostrado que isto é así e nese caso apoiarían a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as dúbidas puideron plantexarse na xunta de voceiros e que si hai un proceso xudicial aínda que o xuízo foi atrasado pero a propia empresa manifestou que un dos motivos do despido foi que formara parte da candidatura do BNG, pero a despiden coincidindo cunha baixa e cun cambio de



xerencia despois de once anos traballando na empresa. O tema é mais grave por canto se trata dunha empresa que traballa para a administración. Mantén a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que habería que esperar ao resultado do xuízo e insiste en que o pleno non é o sitio para valorar un despido. Esperan que se faga xustiza e apoian á afectada.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que despois de escoitar ao voceiro deciden apoiar a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que ao non haber sentenza que declare as causas do despido, non poden apoiar a moción aínda que teñen claro que a ideoloxía non pode ser causa de despido.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que ten claro que o despido ten un compoñente político e como a corporación a constitúen políticos teñen que posicionarse. Mantén a moción.

VOTACIÓN E ACORDO

O alcalde promove a votación, que é rexeitada por nove votos en contra (9 do PP), sete a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG) e catro abstencións (4 de AER)

Explicación do voto:

O concelleiro CRESPO ABAL di que malia o seu voto están de acordo co segundo punto.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que votaron en contra porque estes acordos deben de tomarse cando os feitos están xa ratificados cunha sentenza.

8.2.4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE O HORARIO DOS/AS CONCELLEIROS/AS

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal AER presentada o día 05/10/2015 con número de rexistro 2015014532 que se transcribe a continuación:

“Nas proposta de retribucións que o Partido Popular propuxo para o actual equipo de goberno, establecíase un incremento con respecto ao pasado mandato, en base a un incremento tamén das horas de adicación por parte dos concelleiros e concelleiras.

Aprobouse dita proposta, que especificaba o seguinte cómputo horario:

	Horas anuais	Horas mensuais	Horas semanais
Concelleir@s 1 (75%)	1.370	114	29
Concelleir@s 2 (25%)	1.096	91	23

Entendendo que parte do traballo dun concelleiro non pode ser presencial, tampouco é comprensible, por outra banda, que non poida ser fiscalizado; na medida en que debe responder a un soldo establecido en base a unha serie de horas de adicación á súa función como xestor do Concello de Redondela.



CONCELLO DE REDONDELA

A día de hoxe podemos constatar como adicación ao Concello as seguintes horas semanais, pero atopamos sen xustificación a maioría do horario establecido:

Concelleiro/a	Horas establecidas	Atención ao público	Horas sen xustificar
Miguel A. Álvarez	29	6	23
M ^a Carmen Amoedo	29	6	23
M ^a José Barciela	29	5	24
Fco. Javier Alonso	29	4	25
Julio C. Mougán	23	3	20
Arturo González	23	4	19
Jesús Crespo	23	4	23
M ^a Teresa París	23	2	21

Sabemos que algúns dos membros do seu equipo de goberno cumpren, e incluso superan, o horario de adicación establecido. Pero entendemos que, en prol da transparencia, debemos establecer un modelo que permita fiscalizar, cando menos, o 70 % do horario establecido, como presencial.

É por iso que consideramos necesario que, ademais do horario de atención á cidadanía, debe establecerse un horario presencial no Concello equivalente ao 70% do horario establecido. Poderían xustificarse o resto das horas, non presenciais, mediante a publicación mensual da axenda persoal de cada membro do equipo de goberno, na que consten as xestións realizadas fóra da casa consistorial.

Tamén poden xustificarse as horas presenciais incluíndo na axenda as horas fóra do Concello que sexan propias das funcións que corresponden en virtude do seu cargo. Por exemplo, a concelleira de Parques e Xardíns pode xustificar non estar na “Casa Consistorial” porque está supervisando as labores propias da súa área de servizo.

A modo de exemplo, axuntamos un modelo para a elaboración da axenda persoal de cada edil do equipo de goberno (só a modo de exemplo).

Por todo o mencionado, e salientando a necesidade desa transparencia que permita á veciñanza ser consciente das labores e adicación dos seus representantes, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Instar ao goberno local a:

- 1.- Publicación mensual dunha axenda coas xestións realizadas polo alcalde.
- 2.- Publicación mensual dunha axenda coas xestións realizadas polos concelleiros e concelleiras fóra do seu horario presencial.
- 3.- Establecer un horario público no que conste a presenza dos diferentes concelleiros e concelleiras do equipo de goberno segundo o seguinte cadro:

Concelleiro/a	Establecidas	Atención ao público	Horas presenciais de xestión	Axenda
Miguel A. Álvarez	29	6	14	9
M ^a Carmen Amoedo	29	6	14	9
M ^a José Barciela	29	5	15	9



Fco Javier Alonso	29	4	16	9
Julio C. Mougán	23	3	13	7
Arturo González	23	4	12	7
Jesús Crespo	23	4	12	7
M ^a Teresa París	23	2	14	7

“

INTERVENCIONS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que van apoiar esta proposta.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que apoian a moción xa que están de acordo coa transparencia. Indica que no seu programa electoral contemplaba unha axenda pública do alcalde e dos concelleiros e concelleiras e estima conveniente que así o fixera o actual goberno diariamente. Estima que máis que no interior do Concello teñen que estar na rúa, entre os veciños e veciñas. En canto á fiscalización que sinala AER hai que ter en conta que iso é o que fan mensualmente no pleno.

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que é a terceira vez que se plantexa unha cuestión como esta que non pode ter efecto xurídico ningún xa que é unha competencia do alcalde. Refírese a certos artigos da lei de bases do réxime local. Estima que unha administración moderna debe tender máis a un modelo de traballo por obxectivos que non conleva necesariamente pasar máis horas no interior do Concello. Considera que o importante son os resultados e que isto non é transparencia. Indica tamén que o alcalde xa está a facer o control dos concelleiros namentras que nas comisións hai bastantes ausencias.

O concelleiro FIGUEROA RODRÍGUEZ sinala que eles están aquí para fiscalizar ao goberno e cada grupo verá o que fai xa que eles, de entrada, sí pensan cumprir o que propón a moción. Considera tamén que é unha cuestión de boa vontade xa que ninguén pode forzar a ninguén a cumprilo pero di que se se percibe unha retribución por un número de horas o normal é que se xustifique. Só piden que se teñen un seguimento do seu traballo o expoñan publicamente e consideran que non coinciden co resto dos grupos da oposición na maneira de fiscalizar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cando un ven á política teno que facer coa idea de vir a traballar e estar ben remunerado para que non se produzan outras corruptelas. Non lle parece de recibo que o PP se escude en argumentos de tipo xurídico porque os concelleiros e concelleiras se deben aos veciños e veciñas. Parécelle que os horarios actuais de atención non son axeitados e tampouco que se atenda aos veciños e veciñas previa cita.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que teñen claro que hai que recibir aos veciños e veciñas coas súas inquiredanzas dentro e fora do Concello. Queixase dos horarios das comisións porque a maioría dos concelleiros do goberno están liberados pero os da oposición non e hai que ter iso en conta sobre todo polos grupos minoritarios.

O concelleiro ALONSO GONZALEZ di que todos os acordos que se adoptan teñen un transfondo legal e están suxeitos á lei, de tal xeito que se o pleno carece de competencias e adopta un acordo non pode ter efectos xurídicos. Sinala que os funcionarios non traballan pola tarde e hai un problema de horas extras para a



CONCELLO DE REDONDELA

celebración das comisións fora de horario. Di que el mesmo atende aos veciños previa cita, ás veces ata moi tarde, porque senón o que ven pola porta pode estropear a atención que se lles da a outros. Insiste en que a tendencia nas organizacións é o control por obxectivos.

O concelleiro FIGUEROA RODRÍGUEZ sinala que dende o 15 M a tendencia é tamén facer outra forma de política xa que os veciños o demandan. Di que hai partidos que están anclados nunha época que non se corresponde co que queren os veciños. Pensa que a proposta non vai contra a legalidade.)

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo once votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e nove votos en contra (9 do PP).

8.2.5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE PARQUES CANINOS

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con rexistro de entrada número 2015014284 que se transcribe a continuación:

“Actualmente nas zonas mais urbanas do Concello de Redondela non existe un espazo axeitado e acondicionado para o emparellamento das mascotas.

Cremos na imperiosa necesidade de dispensar un bo trato aos animais de igual xeito que recoñecer as súas particularidades e necesidades.

A Rede de Parques Caninos contribúe ao fortalecemento do tecido social a través da convivencia veciñal. Fomenta a cultura do respecto e amor polos animais, así como a socialización entre caninos e humanos. Isto contribúe á ensinanza sobre a responsabilidade do coidado animal e a conciencia social sobre o non maltrato animal.

Os donos e donas de mascotas do centro de Chapela e Redondela teñen moi limitada a zona de desfrute das súas mascotas polas características do mapa urbano. Por esta mesma razón, vemos como posibilidade a habilitación dun espazo en cada zona que sería en Cesantes o espazo comprendido entre o antigo mercado de gando e o paseo da Telleira (zona limítrofe co centro de Redondela) e en Chapela preto do Multiusos ou da Alameda.

Calquera espazo axeitado par un parque canino cremos que debe ser consensuado ou modificado con outras posibles propostas de ubicacións de ámbolos dous Consellos Parroquiais de Cesantes e Chapela.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Que se creen dous parques caninos tanto no casco urbano de Chapela coma no de Redondela
2. Que ditas zonas sexan consensuados ou modificadas pola vontade dos Consellos Parroquiais das zonas nas que se vaian realizar.



INTERVENCÍONS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cando AER presentou unha moción tamén prantexaron que era importante crear parques urbanos para mascotas . Está de acordo.

O concelleiro CRESPO ABAL di que tamén están de acordo.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que xa se tratou nunha comisión e están de acordo e teñen un plan para facelos pero primeiro queren atender aos nenos cos parques infantís e despois aos cans. Espera que a Deputación axude neste tema. Parécelle que esta moción sobra e que se poden levar aos consellos parroquiais porque a cuestión xa está encarrilada.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que foi á comisión despois de que eles presentaran a moción e considera que xa puideron facer algo e que é unha proposta beneficiosa para os que teñen e os que non teñen cans, que non ten nada que ver cos parques infantís.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non van a ter cartos da Deputación porque a institución clientelar e caciquil que era rematou e o criterio é que as partidas sexan xestionadas polos Concellos. Di que non van a ter que pedilos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non hai que discutir se están todos de acordo.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que se consideran caduca a Deputación poden deixala. Indica que un parque xeitoso para os cans vale máis de 8.000 € e a cidadanía ten que estar de acordo coa súa ubicación.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai centos de persoas en Redondela que non teñen onde soltar os cans que teñen que ir atados e con bozal.

VOTACIÓN E ACORDO

O alcalde solicita a votación dos/as concelleiros, resultando a moción aprobada por unanimidade de todos os presentes, sendo viente votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

8.2.6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE MOBILIDADE NA ZONA SUR DA PROVINCIA

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal do BNG presentada no rexistro xeral o día 23/10/2015 e con número 2015015342 que di:

“Nos tempos que decorren, a mobilidade é un tema chave na vida das persoas e das sociedades, presentándose como un ben necesario e sendo un problema de carácter colectivo e social. Á súa vez é evidente a súa complexidade xa que supón un custo económico, a dedicación de tempo, as incomodidades que implica, a contaminación que orixina e o maior consumo de espazo público para as infraestruturas. Por tanto, as prestacións da mobilidade veñen determinadas polo seu desenvolvemento pasado e as necesidades do presente, o que determina unha actuación de carácter estratéxico con visión de futuro.



CONCELLO DE REDONDELA

Á hora de deseñar políticas de mobilidade, á parte do anteriormente enunciado, debemos ter en conta o lugar onde se produce, as relacións que o motivan, a regularidade e o xeito en que se expresan e as medidas tomadas para satisfacelas.

No caso da zona sur de Pontevedra, a non concreción dunha proposta que debería abranguer a todos os concellos sobre un sistema de mobilidade sustentábel impediu avanzar na resolución dun problema vital para a maioría da cidadanía, en que os gobernos locais mostraron a súa máis profunda despreocupación, cando non bloqueando posíbeis solucións. Esta situación é reforzada pola falta de interese e liderado do Goberno galego incapaz de aglutinar vontades e esforzos xunto a unha falta de alternativa global adubada de estudos e recursos estragados sen presentar, tan sequera, as súas conclusións.

Hoxe deseñar políticas de carácter local non ten moito sentido, habida conta a interrelación e interdependencia existente entre as distintas localidades, o que obriga a ter unha visión máis de carácter global se se quere ser eficiente desde o punto de vista de prestación do servizo e, sobre todo, desde a satisfacción social. É absurdo presentar e promover medidas exclusivamente dentro de cada concello, cando a realidade mostra a necesidade de planificar en conxunto (aínda tendo en conta moitas variábeis específicas), coordinando os esforzos e evitando redundancias absurdas que representan unha dilapidación económica e unha insatisfacción da sociedade.

Á súa vez, debemos ter en conta un gran compoñente social cal é que a inmensa maioría das persoas usuarias son traballadoras, moitas con escasos recursos económicos ou sen eles, polo que as nosas propostas sobre políticas de mobilidade deben estar orientadas ás maiorías sociais, sendo estas un xeito máis de redistribuír a renda.

Vigo, como cidade nucleadora da área, concentra ofertas de traballo, prestación de servizos básicos, culturais ou de ocio e xera unha gran cantidade de movementos, dentro e fóra do seu territorio, polo que está obrigada a exercer unha proposta integradora das necesidades de toda unha área superior ao seu ámbito territorial e sempre tendo en conta que ten competencias en materia de transporte público.

Dentro da conformación do entramado da mobilidade no sur da provincia, Redondela desenvoleu un papel preponderante no tráfico ferroviario, tanto de pasaxeir@s como de mercadorías.move. Un protagonismo que corre o risco de perder pola mala planificación da liña do Eixo Atlántico, e a inexistencia do Tren de Cercanías. Dentro do entramado das liñas de mobilidade de transporte ferroviario, o noso concello debe volver a adquirir un papel preponderante.

Neste sentido, é fundamental ter en conta o papel específico dentro da área xogado polo transporte marítimo de ría, como servizo básico para a comunicación dos concellos de Cangas e Moaña e a súa necesaria integración nun transporte colectivo e público da área sur de Pontevedra con carácter intermodal.

Pola súa banda, a Xunta de Galiza non pode seguir inoperante ante as necesidades de mellora do transporte colectivo que existen na área sur de Pontevedra, acrecentadas na actualidade pola apertura do novo hospital do Álvaro Cunqueiro. Área que, non debemos esquecer, abrangue unha poboación de preto de medio millón de persoas que precisan dispor de medios de transporte colectivos eficientes como alternativa ao uso do vehículo privado. Isto non só é fundamental para a mellora da mobilidade senón tamén



CONCELLO DE REDONDELA

dende o punto de vista ambiental pois, actualmente a maioría dos desprazamentos dentro da área son en vehículos privados (en torno ao 60% dos mesmos).

Logo, hoxe é máis necesario que nunca que as distintas administracións implicadas se comprometan en dar cunha solución satisfactoria ás demandas existentes, na área sur de Pontevedra, en materia de transporte e mobilidade.

Por iso, solicitamos do Pleno do Concello de Redondela a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a iniciar os traballos para constituír un ente xestor da mobilidade, de carácter público e con ámbito na área sur de Pontevedra, en que participen os concellos da mesma e o Goberno galego, co obxectivo de promover e xestionar un plano metropolitano de mobilidade integral.
2. Instar á Xunta de Galiza e aos concellos da área a xestionar a mobilidade favorecendo a intermodalidade, mediante unha rede de intercambiadores intermodais, en que teñan cabida xunto co viario, o transporte ferroviario e marítimo de ría.
3. O Concello de Redondela , xunto ao resto dos concellos da área sur de Pontevedra e o Goberno galego, comprométese a traballar na implantación dunha estrutura tarifaria integrada que inclúa as políticas de financiamento necesarias do sistema e unha regulación de prezos acordos ás circunstancias socio-económicas da poboación.
4. Dar traslado dos presentes acordos tanto á Xunta de Galiza como ao resto dos concellos afectados.

INTERVENCIONES

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo coa moción aínda que non están de acordo co transporte metropolitano, tal e como se aprobou.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo e invita ao alcalde a que cando se cree este ente xestor aposte por ir máis alá dada a situación estratéxica de Redondela no medio do eixo Vigo-Redondela. Parécelle un erro cingirse só ao transporte metropolitano da cidade de Vigo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que apoian a moción pero lle sorprende que o BNG a traia porque moitas cousas xa están no convenio que impulsou a Xunta a pesar da postura de Vigo en contra. Pensa que sería bo que entenderan que é conveniente para todos unha postura conxunta. Di que habería que empezar por convencer a Vigo e que xa existe un sistema tarifario e dubida de que o voceiro do BNG lera o convenio.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que Redondela está no medio de encrucilladas importante e sofre moito por servizos que benefician a Vigo. Indica que un estudio serio ten que priorizar as necesidades para que non se converta nunha cidade dormitorio. Pensa que o do tren de cercanías ou os aparcadoiros disuasorios serían cousas importantes e que co tema da area metropolitana estanse a retroalimentar Abel Caballero e Feijoo.



CONCELLO DE REDONDELA

O alcalde pregunta se o ente xestor podería ser a Area Metropolitana que ten o transporte como competencia. O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai máis concellos que en principio non están en dita Area.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a competencia no tema do transporte é da Xunta de Galicia pero pensa que a Xunta non cre niso. Pon como exemplo o tren de proximidade Gijón-Oviedo e pregunta qué pasa coa estación de Chapela e coa de Redondela que custou 6 millóns e está infroempregada.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que cando gobernaron no bipartito da Xunta non foron quen de por a andar o transporte metropolitano e agora está a funcionar gracias ao alcalde. Indica que o apeadeiro de Chapela está adxudicado igual que a finca da Ginaria conseguíuse a custe cero.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que todo o mundo sabe que o transporte metropolitano púsoxe en marcha para *zusc*ar ao alcalde de Vigo por parte da Xunta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo sendo viente votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

8.3 ROGOS E PREGUNTAS

8.3.1. ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL AER O DÍA 28/10/2015 CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 2015015552:

Pregunta sobre as reclamacións veciñais sobre as obras do AVE

Vistas as respostas dadas por Fomento ás reclamacións veciñais remitidas polo Concello, nas que dan por solucionadas reclamacións que non o están, o representante de AER na comisión de seguimento das obras do AVE solicitou que o Concello se puxera en contacto con cada un dos veciños e veciñas que fixeron estas reclamacións, para ver se están de acordo con estas respostas.

Pediú ademais que o Concello asesorara á veciñanza que non estivera conforme, para facer as reclamacións ante Fomento. A presidenta da comisión mostrouse conforme coa resposta, polo que preguntamos:

En que data van a empezar a chamar á veciñanza e que departamento se vai facer cargo de asesorala para facer as correspondentes reclamacións ante Fomento?

Resposta

A concelleira AMOEDO DASILVA da conta das xestións realizadas a partir da Comisión de Seguimento das obras do AVE.

Pregunta sobre as duchas do clube de atletismo



CONCELLO DE REDONDELA

Nesta agrupación só temos constancia dun clube deportivo deste Concello que teña que pagar por ducharse, referímonos ao Clube de Atletismo de Redondela “C.A.R”, que ten que pagar por ducharse nas instalacións da piscina municipal de Redondela.

Teñen pensado darlle unha solución a este situación?

Resposta

O concelleiro MOUGAN VAZQUEZ di que non pagan por ducharse e le o seguinte escrito:

“Primeiro aclarar que realmente iso de pagar por ducharse non é así. O CAR como calquera usuario das instalacións da piscina municipal, fai uso dunha determinada actividade ofertada pola empresa ServiOcio, pola que paga unha tarifa, tarifa que lle dará dereito entre outras cosas ao uso dos vestiarios.

Se esta Agrupación, considera isto como “pagar por ducharse”, entón temos que dicirle que está mal informada, por só ter constancia deste club, xa que hai máis deportistas, por diferentes motivos, que complementan os seus adestramentos na citada instalación. Non nos consta ningunha tarifa ni actividade ofertada, como só o uso das duchas.

O día 23 de xullo, ás 22:00 horas,,eu teño unha xuntanza no Concello con seis directivos do CAR, na que a temática principal e a organización da travesía a nado e os adestramentos da base.

Na parte final desta reunión, como puntos a tratar nunha xuntanza posterior enfocada á categoría *sénior*, comentan entre outros, que estaría ben a posibilidade de acceder a uns vestiarios para ducharse, pero polas características particulares desta modalidade deportiva (horarios, número de corredores á vez, pertenzas persoais nos vestiarios...) son eles os que me remiten a falar máis adiante.

Naturalmente que esta Concellería, ten previsto solucionar calquera problema suscitado coa práctica deportiva, intentando optimizar e dotar de calidade, calquera que sexa a modalidade a practicar.

Volvo a reiterarme, que polos condicionantes particulares, teriamos que poñer enriba da mesa a mellor solución, pero sempre apoiados na experiencia propia dos deportistas, neste caso os do CAR, e así o faremos.

Apuntar que onte mércores, o CAR, a través do seu Presidente, solicitaba unha reunión, que tivo lugar hoxe no Concello.”

Pregunta sobre a ordenanza de terrazas.

Tendo en conta que na ordenanza municipal das terrazas establécese:

- ARTIGO 14. OBRIGAS.

4. Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado dende a rúa pola Policía Local e usuarios en xeral, sen necesidade de esixir a súa exhibición. A autorización deberá estar adherida á porta ou ao escaparate do establecemento.

En virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Por que non se está a cumprir esta obriga e que fai o concelleiro responsable ao respecto?



CONCELLO DE REDONDELA

Resposta:

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que se segue a avanzar no cumprimento da ordenanza e reforzando as tarefas de supervisión.

Pregunta sobre o expediente do proxecto de trazado da ampliación da AP-9 e os trámites para a reposición de servizos municipais do Concello de Redondela. Tendo en conta as seguintes consideracións:

- Que o expediente da ampliación da AP-9 é un documento público.
- Que o concello de Redondela ten bens e inmobles en proceso de expropiación, ao igual que os veciños afectados de chapela.
- Que o concello de Redondela ten máis peso que o avogado dos afectados pola AP-9 á hora de solicitar o expediente que mantén a poboación en conflito.
- Que os bens e inmobles do concello de Redondela en proceso de expropiación publicados no BOE, no ano 2014, están sendo expropiados con defecto de forma legal.
- Que na comisión de seguimento da obra celebrada o 22 de setembro quedou claro que Audasa e fomento non tiñan incluídos no proxecto a reposición dos servizos municipais, unha reposición que aínda non ten planos ou están por chegar a este concello.
- Que se atoparon discrepancias entre o PERI de chapela e ditas reposicións, así como erros na titularidade dos servizos públicos en cuestión.

Descoñecemos se o Concello solicitou por vía administrativa o expediente do proxecto de trazado da ampliación da AP9, e se os servizos técnicos e xurídicos do Concello accederon ao citado expediente para facer os informes sobre as expropiacións e os servizos públicos afectados.

Por todo o anterior preguntamos:

Ten pensado o goberno local reclamar a reposición dos servizos públicos pola vía administrativa?

Resposta:

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que defenderán sempre o dereito dos veciños de Redondela.

Pregunta sobre unha parada do autobús na N-550 en Saxamonde.

O pasado 6 de maio, 46 residentes da parroquia de Saxamonde reclamaron por rexistro do Concello a reposición da parada do autobús que había á altura do Nº 34 na N-550. Parada que foi eliminada na reforma desta estrada, e que levaba máis de 20 anos funcionando.



CONCELLO DE REDONDELA

A veciñanza reclama que se volva sinalizar esta parada, así como a colocación dunha marquesiña, xa que se non os autobuses néganse a parar neste sitio, deixando sen servizo a esta zona.

Despois de case sete meses, o concelleiro responsable aínda non se dignou a responder a estes veciños e veciñas. Tampouco se dignou a responder o rexistro presentado por AER o pasado 6 de outubro, onde se lle pedía unha copia da petición por escrito ante o organismo correspondente para a reposición desta parada e a resposta dada. O único que sabemos sobre este tema é a afirmación do concelleiro, Arturo González, a un membro desta Agrupación dicindo que Fomento dixera que non.

Preguntámonos se o concelleiro de Interior cre que a súa actitude de non responder á veciñanza é digna dun representante público. A nós, esta forma de facer as cousas non nos parecen as máis acaídas, e dubidamos ademais que o concelleiro fixera algunha xestión. Por iso preguntamos ao concelleiro:

Fixo unha petición formal ante o organismo correspondente e se é así, pode facilitarnos unha copia?

Resposta:

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que a parte expositiva ten información sesgada. Non é competencia do Concello e a parada non estaba marcada no ano 2009 previo á reforma. Fíxose a xestión con Fomento que non a autorizaba e logo fíxose outra proposta que vai por mellor camiño.

Rogo sobre o equipamento e formación da Policía Local para o control de ruídos.

Falar de ruído en Redondela non é tan só falar de locais que teñen a música alta ou veciños que molestan a outros. Por desgraza, falar de ruído neste concello é falar das obras que mantén o Ministerio de Fomento, neste municipio asoballado de infraestruturas. Sábeo ben a veciñanza do Val do Maceiras e Negros, que sufriu un calvario cos obras do AVE. Un calvario que nin este, nin sobre todo o anterior goberno local, trataron como foi debido. Agora coas obras da AP-9 e a previsión de Audasa de traballar de noite na ponte de Rande, o concello ten que poñer ferramentas para que os ruídos das obras non fagan un calvario a vida dos afectados directos por estas obras que durarán anos.

Ata o momento, cada vez que hai unha chamada á policía local dun cidadán que ten problemas con ruídos de terceiros, a patrulla que acude levanta un atestado pero non pode certificar os decibelios por carecer dos aparatos e a formación axeitada. Debido a iso, o Concello ten que contratar a unha empresa privada para certificar o ruído ocasionado. Unha contratación que en moitos casos é cara e faise escasa.

Despois de informarnos de que o custo do equipamento non é moi elevado, e que a formación dos axentes pódese realizar de forma gratuíta na Academia Galega de Policía. Polo anteriormente exposto, ROGAMOS que o goberno local adquira o equipamento necesario para a medición de ruídos e mande axentes da Policía Local á Academia Galega de Policía para que obteñan a formación necesaria que lles faculte para realizar e asinar informes oficiais homologados relacionados coa contaminación acústica.



CONCELLO DE REDONDELA

O alcalde sinala que este tema tratouse coa policía e, entre outras cousas, alegaban que non tiñan formación. Está de acordo e tratarán de polo en marcha.

Rogo sobre o local de ensaio.

Como é ben sabido, o Concello de Redondela conta cun local de ensaio para grupos situado na rúa Mendiño, que é empregado por diferentes grupos e formacións. Tentando buscar información sobre este na páxina web do Concello non demos atopado nada. Consideramos que na web do Concello deben estar expostos para a consulta tódolos servizos que se ofrecen por parte da nosa administración local, así como o procedemento para o seu uso, horarios, etc.

Dende AER ROGAMOS que se habilite un apartado específico na web do Concello para o Local de Ensaio, onde toda a veciñanza poida consultar o reparto de horarios actualizado, o procedemento para reservar uso, os grupos que fan uso do local de ensaios e a normativa, así como deberes e dereitos dos usuarios.

Sobre os rexistros dos farois do parque da Alameda de Chapela.

A veciñanza de Chapela ten que estar poñendo bridas nos rexistros dos farois do parque para evitar que a rapazada meta as mans nos cables e ocorra unha desgracia. Sabemos que o equipo do goberno foi informado desta situación, pero ata o de agora aínda non nos consta que se solucionara. Dende o noso punto de vista o arranxo desta situación, debido a súa perigosidade, debe ser prioritario. Rogamos ao goberno local que solucione esta situación o máis axiña posible (ou sexa mañá).

O alcalde sinala que houbo actos vandálicos porque hai un problema que non hai modelo de portas para as mesmas. Os operarios poñen as bridas de xeito provisorio. Está de acordo en resolvelo canto antes.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-